

**Departamento de  
Lingua Galega e Literatura**

---

**IES FÉLIX MURIEL – RIANXO**



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º LINGUA  
ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 2º ESO 2022 - 2023**

## Índice

### PRESENTACIÓN / INTRODUCCIÓN4

1. CONTEXTUALIZACIÓN: A OPTATIVA DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS NO CENTRO4

2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E ADAPTACIÓNS NECESARIAS4

3. COLABORACIÓN4

4. PROGRAMACIÓN ESO5

4.1 OBXECTIVOS DE ETAPA5

4. 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES7

4.3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE9

4.4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS9

4.5 CONTIDOS11

4.6. TEMPORALIZACIÓN NIVEL 2ºESO18

4.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.27

4.7.1. Deseño da avaliación inicial27

avaliación inicial de 2º ESO deseñouse de xeito competencial en colaboración con todo o profesorado das materias lingüísticas do grupo TIL (véxase anexo), colaboración que se estendeu para pasar a proba. Para avaliar a competencia lingüística deseñamos probas específicas. Dado que o alumnado de 2º ESO xa deu portugués o curso pasado (e os repetidores os dous cursos anteriores) deseñouse unha proba para revisar os contidos mínimos referidos a cada bloque.27

Desde o primeiro minuto da clase, tanto a profesora titular destes grupos, como por suposto a profesora de apoio que a acompaña unha vez na semana, falamos só en portugués, coas pausas, repeticións, explicacións e, escasas veces, tamén traducións necesarias. A avaliación inicial ademais de darnos datos novos sobre o rendemento e actitude do alumnado neste principio de curso, sérvenos para organizar mellor o

alumnado na aula e para buscar novas estratexias no proceso de ensino-aprendizaxe.27

4.7.1.1. Proba da avaliación inicial por competencias.27

4.7.2. Criterios na avaliación continua28

4.7.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN33

4.8. Programa de reforzo para recuperación de materias pendentes40

4.9 Concreción de elementos transversais40

4.10. Actividades complementarias e extraescolares41

4.11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente42

4.11.1. Indicadores de logro do proceso de ensino42

4.12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA43

4.13. Profesorado de portugués. Curso 19-2044

4.14. Adaptación ao contexto da Covid-1944

4.14.1. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas no curso anterior44

4.14.2. Adaptacións de se producir a non presencialidade44

## **PRESENTACIÓN / INTRODUCCIÓN**

### **1. CONTEXTUALIZACIÓN: A OPTATIVA DE 2ª LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS NO CENTRO**

No IES Félix Muriel danse aulas de portugués desde o curso 2005-2006 cando botou a andar o primeiro grupo en 1º de bacharelato. No ano escolar 2020-2021 temos alumnado de portugués en todos os niveis: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BAC e 2º BAC, cun total de 106 alumnos e alumnas matriculados .

A materia de 2ª Lingua Estranxeira en 2º ESO está impartida en dous grupos: 2ESO A, con 20 alumnas e alumnos, e 2ESO B, con 12.

### **2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E ADAPTACIÓNS NECESARIAS**

A competencia comunicativa de todo o alumnado novo é bastante alta de partida, tanto no aspecto lingüístico, sociolingüístico como pragmático. Estamos con alumnado que comparte un ámbito sociolingüístico moi similar.

Dunha banda, o nivel alto na competencia lingüística débese á enorme proximidade entre galego e portugués, en case todos os apartados que entran dentro dela: ortoépica, ortográfica, gramatical, lexical, semántica e fonolóxicas

Está claro que deben salvar diferenzas no ámbito fonolóxico e tamén gramatical e lexical, mais nada teñen que ver coas dificultades que poden presentar alumnos e alumnas que poden acceder ao portugués desde unha lingua non románica, ou mesmo sendo románica que sexa diferente do galego.

O alumnado que escolle a materia de 2ª lingua estranxeira, portugués, case trae incorporados os coñecementos que se piden nun nivel elemental segundo o MCERL. É capaz de comprender expresións familiares e cotiás, así como enunciados moi simples desde o primeiro día e cunhas pequenas indicacións xa se presentan e comunican de modo simple

### **3. COLABORACIÓN**

Este curso concedéusenos tamén unha profesora de apoio do Instituto Camões que xa está incorporada ao centro. Encárgase daqueles aspectos máis relacionados co léxico, coa expresión e mais coa comprensión oral.

O profesorado que imparte a materia de Segunda lingua estranxeira: portugués participa no Proxecto TIL (Tratamento integrado de linguas), de aí que

a programación se elabore e se desenvolva en continua relación co profesorado das outras materias de linguas: LCL, LGL, 1º LE (inglés), 2º LE (francés). A posta en marcha nos cursos pasados deu moi bos resultados a pesar de que só se deron os primeiros pasos. Polo tanto este curso esperamos obter mellores resultados a nivel comunicativo e, sobre todo, uns moi bos resultados a nivel competencial.

Para finalizar queremos deixar constancia de que o alumnado do noso centro é de nivel sociocultural medio, algún medio-baixo. Unha vez analizado o alumnado novo matriculado en portugués, constatamos que boa parte deles estivo en Portugal, quer por conta propia, quer nas excursións organizadas polo centro

## 4. PROGRAMACIÓN ESO

### 4.1 OBXECTIVOS DE ETAPA

Desde a 2ª Lingua Estranxeira Portugués contribuiremos nos dous grupos de 2º ESO a desenvolver no alumnado os obxectivos da ESO:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### 4. 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES

Desde a materia de SLE-Portugués vaise contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias clave, pero de xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística (CCL), xa que na finalidade primordial da materia está empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, aspecto fundamental do contido da nosa materia.

Desta maneira, a CCL vaise traballar, desenvolver e adquirir en cada un dos cinco bloques de contidos e está relacionada con absolutamente todos os estándares de aprendizaxe.

En canto ao resto das Competencias clave, concretamos a continuación cada unha delas:

- Competencia para aprender a aprender (CCA). Igual ca a CCL vaise traballar e desenvolver con cada un dos contidos e ten relación con todos e cada un dos estándares de aprendizaxe desta materia. Concretarase en actividades como:
  - o Exposición e reflexión arredor de tarefas académicas
  - o Autocorrección de exercicios de diferente natureza, incidindo especialmente naqueles que potencien a oralidade e a escrita.
  - o Capacidade de autoavaliación.
- Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE). Esta competencia desenvolverase na concreción dos seguintes estándares:
  - o SLEB2.1

- SLEB3.1
- SLEB4.1
- Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC). Debido ás características e contidos da materia, tamén esta é unha competencia que se concreta en practicamente todos os estándares, excepto en:
  - SLEB3.1
  - SLEB4.1

Pensamos que esta competencia vai quedar sobradamente adquirida coa programación de actividades nas que se traballan desde os países da lusofonía e as súas particularidades culturais ata as características de cada unha das rexións de Portugal. Ademais disto, realizamos:

- Proxeccións de vídeos e filmes relacionados cos diferentes aspectos da cultura lusófona
- Asistencia a representación teatral e/ou encontros con escritores (ofrecidos polo Instituto Camões)
- Actividades arredor da música producida nos diferentes países da lusofonía en diferentes estilos.
- Competencia dixital (CD). Tamén se concreta en todos os estándares excepto en :
  - SLEB3.2
  - SLEB3.3
  - SLEB3.4
  - SLEB5.5.

Desde esta materia vaise contribuír a progresar nesta competencia mediante:

- Uso de dicionarios dixitais e correctores dixitais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos dixitais
- Busca de información na rede sobre diferentes contidos da materia
- Xogos de gramática e léxico dixitais
- Exercicios de audición a través da rede (vídeos, RTP, filmes).



- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). En principio, segundo o currículo, non se traballaría en relación a ningún estándar na ESO. Con todo, nesta materia trabállase con mapas.

#### 4.3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na materia que nos ocupa, a diversidade ten unhas características diferentes ás doutras materias. Ademais da posible existencia de alumnado que requira unha atención especial por problemas cognitivos, e que se pode atopar en calquera nivel educativo, existe unha característica que lle afecta especialmente á materia de Segunda Lingua Estranxeira (Portugués) e que é máis elevada conforme avanza os cursos.

Para o primeiro adaptaranse medidas segundo as indicacións de orientación. No caso do segundo, queremos aclarar que se trata da existencia nunha mesma aula de alumnado que cursa a materia por primeira vez mesturado con outro que xa estudou un anos antes.

Esta circunstancia é posible porque o portugués permite que un alumno/a que faga un esforzo extra preparando a materia na súa casa, poida tirar dous niveis nun único curso académico. Tal realidade obríganos a estarmos durante o primeiro trimestre levando actividades dobres para a aula, segundo o nivel do alumnado. Doutra banda, buscamos materiais que permitan unha duplicidade de actividades (por exemplo cancións que para uns constitúan un exercicio de comprensión oral e expresión escrita ao mesmo tempo e para outros unha actividade de escoita apoiada en lectura). Tamén se ofrece unha listaxe de lecturas voluntarias, tanto literarias como ensaísticas ou xornalísticas que atendan aos diferentes intereses, gustos e inquietudes do alumnado e que o axuden a motivalo.

#### 4.4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula.

O profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas.

Integraremos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá ao seguinte:

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.
- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias

Empregaremos os seguintes materiais e recursos didácticos:

1. Materiais de audio para potenciar a comprensión de textos orais (en CD ou arquivos de mp3)
2. Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión da oralidade e a competencia sociocultural. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen subtítulos.
  - Acudiremos moito a vídeos musicados colgados na canle de youtube.
  - Algunhas series de debuxos animados adaptados ao nivel e apoiados con subtítulos.
  - Filmes a que se poida acceder desde a rede
  - Filmes en DVD que temos a nivel particular e na biblioteca do centro.
3. Textos literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís... tanto en papel como en pdf.
4. Páxinas web nas que haxa textos de carácter xeral ou máis específico adaptados aos seus intereses e motivacións.
5. Revistas de diferentes temáticas (cociña, deportes...) para que lean textos apoiados de imaxes
6. Fotocopias de textos reais ou inventados, en papel ou formato dixital, que sirvan de mostra de: notas breves, postais, cartas informais, menús, listas de prezos...
7. Fotocopias con exercicios específicos para aqueles contidos sintáctico-discursivos que sexa preciso traballar á marxe das actividades comunicativas.
8. Xogos de temática lingüística e cultural que se atoparen na rede.

## 4.5 CONTIDOS

Nivel: 2º ESO

### **Bloque 1**

B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:

- Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;
- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.
- Identificación de palabras clave.
- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)
- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.
- Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).

### **Bloque 2. Producción de textos orais**

B2.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
  - Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa
- Execución:
  - Percepción da mensaxe con clarezza, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
  - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
  - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos

modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.

- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
  - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.
  - Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.
- Lingüísticos:
- Modificación de palabras de significado parecido.
  - Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.
  - Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.
  - Petición de axuda.
- Paralingüísticos:
- Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
  - Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
  - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.

B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

B3.1. Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).

- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.

#### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

B4.1. Estratexias de produción:

- Planificación:
  - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
  - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
  - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.
- Execución
  - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
  - Estruturación do contido do texto.
  - Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
  - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
  - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

- Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).
- Revisión:
  - Identificación de problemas, erros e repeticións.
  - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
  - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
  - Reescritura definitiva.

## **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe**

### B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos máis básicos.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

### B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

### B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visíbeis: hábitos, horarios, a actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares...) comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

#### B5.4. Plurilingüismo:

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.

#### B5.5. Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.
- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.
- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.

#### Contidos sintáctico-discursivos

- Expresión de relacións lóxicas: adición (e, nem, e também); disxunción (ou, ou...ou); oposición/contraste (mas); causa (porque; por isso); finalidade (para +Inf.); comparación (mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...); superlativo absoluto (-íssimo, -límoo).
- Relacións temporais (antes, agora, depois; em seguida, logo).

- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; proforma (p. ex. eu também; certamente).
- Exclamación (formas elípticas: Que (+ Subst.) + Adj., p. ex. Que dia lindo!; Que gentil!); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. Está bom!).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con não, nunca; nada, nenhum nenhum(a), ninguém).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., Quem fez o quê? Para que é isso?); interrogativas tags (p. ex., Queres ir ao cinema, não queres?).
- Expresión do tempo: pasado (pretérito perfeito simples e composto, imperfeito,); presente (presente); futuro (ir + Inf., presente do indicativo + Adv.; haver-de)...
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (estar a + Inf., presente, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo; continuar + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.), p. ex. No verão está calor).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.), intención (pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf., pretérito imperfeito gostar de + Inf.), capacidade (é capaz de + Inf.; saber); posibilidade/probabilidade (poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez); obrigación (imperativo).
- Expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade (-íssimo, -ílimo; muito raro; melhor).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. todo, maioria, ambos, nenhum...) ou relativa (p. ex. muito; tão; um pouco).
- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia; movemento, dirección, orixe e acomodación).
- Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., são quinze para as três; em 1999), divisións (p. ex., días, meses; século; estação) e indicacións (p. ex., atrás, cedo,



tarde) de tempo; duración (p. ex., de/desde...a; durante); anterioridade (aínda; ontem); posterioridade (depois, logo, próxima segunda-feira); secuencia (primeiro, depois, finalmente); simultaneidade (ao mesmo tempo); frecuencia (p. ex., xeralmente; usualmente).

- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, peor).

## 4.6. TEMPORALIZACIÓN NIVEL 2ºESO

## Secuenciación e temporalización dos contidos

Trimestre	Unidade didáctica	Identificación do contido	CONTIDO	Temporalización		Colaboración co Carné
				Mes	Sesións	
PRIMEIRA AVALIACIÓN	UNIDADE 0	B.1.1 B.1.2 B.1.3	Estratexias de comprensión: Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos	Setembro outubro	/	X
		B.1.1 B.1.2 B.1.3	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Setembro / outubro	/	
		B.3.1	Estratexias de comprensión: -Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos.	Setembro outubro	/	X
		B.4.1	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Setembro / outubro	/	En colaboración
		B.5.1 B.5.2 B.5.3 B.5.4 B.5.5 B.5.6 B.5.7	Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: os sons [o]/[ɔ], [z]/[s], [ʃ]/[ʒ] Patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra e da oración. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Portugal e os países lusófonos (capitais, monumentos, bandeiras, festas...) Funcións comunicativas: Descubrir situacións da vida da clase, coñecer persoas e falar dos seus gustos. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo á aprendizaxe e á descrición de persoas. Estruturas sintáctico-discursivas: presente dos verbos regulares e algúns irregulares, preposicións de lugar, fórmulas interrogativas e a negación			X
PRIMEIRA AVALIACIÓN	UNIDADE 1	B.1.1 B.1.2 B.1.3	Estratexias de comprensión: Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos	Outubro /novembro	/	X
		B.2.1 B.2.2 B.2.3	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Outubro /novembro	/	

		B 3.1	Estratexias de comprensión: -Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos.	Outubro /novembro		X
		B 4.1	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Outubro /novembro		En colaboración
		B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7	Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: a conxugación pronominal. Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización adecuada da ortografía na oración. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: o deporte en Portugal, similitudes e diferenzas co noso país. Funcións comunicativas: caracterizar obxectos; actividades e informacións deportivas. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: os estados físicos e anímicos, as informacións deportivas. Estruturas sintáctico-discursivas: presente de indicativo dos verbos pronominais.	Outubro /novembro		X
PRIMEIRA AVALIACIÓN	UNIDADE 2	B.1.1 B.1.2 B.1.3	Estratexias de comprensión: Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos	Novembro /decembro		X
		B 2.1 B 2.2 B 2.3	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Novembro / decembro		
		B 3.1	Estratexias de comprensión: -Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos.	Novembro /decembro		X
		B 4.1	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Novembro / decembro		En colaboración

		B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: os sons [b]/[v]/[f]; ditongos nasais.</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: letra e música de cancións e os programas de televisión.</p> <p>Funcións comunicativas: contar o desenvolvemento dunha acción; falar da televisión; pedir, dar e rexeitar unha autorización. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: a música e a televisión.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas: o pasado (tinha+participio); o presente progresivo (estou+xerundio ou estou+a+infinitivo); futuro próximo; os pronomes persoais complemento directo e indirecto</p>	Novembro / decembro		X
SEGUNDA AVALLACIÓN	UNIDADE 3	B.1.1 B.1.2 B.1.3	<p>Estratexias de comprensión:</p> <p>Visionado de imaxes</p> <p>-Identificación do contexto comunicativo.</p> <p>-Mobilización de coñecementos previos</p>	Xaneiro / febreiro		X
		B 2.1 B 2.2 B 2.3	<p>Estratexias de produción:</p> <p>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.</p> <p>-Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.</p>	Xaneiro / febreiro		
		B 3.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <p>-Visionado de imaxes</p> <p>-Identificación do contexto comunicativo.</p> <p>-Mobilización de coñecementos previos.</p>	Xaneiro / febreiro		X
		B 4.1	<p>Estratexias de produción:</p> <p>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.</p> <p>-Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.</p>	Xaneiro		En colaboración
		B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: as dúas pronuncias da grafía e.</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización axeitada da ortografía.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: a vida no futuro e o lugar onde vivir.</p> <p>Funcións comunicativas: explicar e falar dos seus proxectos, do futuro profesional; defender e criticar un proxecto; comparar elementos.</p> <p>Léxico oral e escrito: a cidade; as profesións; o aloxamento.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas: a expresión do futuro, da finalidade e da necesidade (é preciso...); os comparativos e superlativos.</p>			X
SEGUNDA AVALLACIÓN	UNIDADE 4	B.1.1 B.1.2 B.1.3	<p>Estratexias de comprensión:</p> <p>Visionado de imaxes</p> <p>-Identificación do contexto comunicativo.</p> <p>-Mobilización de coñecementos previos</p>	Febreiro / marzo		X

		B 2.1 B 2.2 B 2.3	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Febreiro / marzo		
		B 3.1	Estratexias de comprensión: -Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos.	Febreiro / marzo		X
		B 4.1	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Febreiro / marzo		En colaboración
		B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7	Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: os sons [s] e [z]; a entoación e a inversión da interrogación. Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización axeitada da ortografía. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: o cinema; sucesos. Funcións comunicativas: relatar un acontecemento pasado (un día, as vacacións...); contar un accidente ou suceso; preguntar e precisar sobre un acontecemento. Léxico oral e escrito: as etapas da vida, os sucesos, accidente e o cinema. Estruturas sintáctico-discursivas: o pretérito perfecto simple; a expresión dos acontecementos pasado; a situación no tempo e a duración no pasado.	Febreiro / marzo		X
TERCEIRA AVALIACIÓN	UNIDADE 5	B 1.1 B 1.2 B 1.3	Estratexias de comprensión: Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos	Abril / maio		X
		B 2.1 B 2.2 B 2.3	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Abril / maio		
		B 3.1	Estratexias de comprensión: -Visionado de imaxes -Identificación do contexto comunicativo. -Mobilización de coñecementos previos.	Abril / maio		X
		B 4.1	Estratexias de produción: -Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores. -Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.	Abril / maio		En colaboración

		B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: os sons [ɔ]/[o]</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización axeitada da ortografía.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: internet.</p> <p>Plurilingüismo: participación en proxectos de elaboración de carteis, folletos, planos... nos que se utilicen varias linguas.</p> <p>Funcións comunicativas: a petición escrita; expresión de opinións, sentimentos; comprender e redactar un regulamento.</p> <p>Léxico oral e escrito: internet; os sentimentos.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas: o pretérito perfecto simple de algúns verbos irregulares; os pronomes indefinidos; expresión da frecuencia</p>	April / maio		X
TERCEIRA AVALIACIÓN	UNIDADE 6	B.1.1 B.1.2 B.1.3	<p>Estratexias de comprensión:</p> <p>Visionado de imaxes</p> <p>-Identificación do contexto comunicativo.</p> <p>-Mobilización de coñecementos previos</p>	Maio / xuño		X
		B 2.1 B 2.2 B 2.3	<p>Estratexias de produción:</p> <p>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.</p> <p>-Execución: Realización dun texto oral coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.</p>	Maio / xuño		
		B 3.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <p>-Visionado de imaxes</p> <p>-Identificación do contexto comunicativo.</p> <p>-Mobilización de coñecementos previos.</p>	Maio / xuño		X
		B 4.1	<p>Estratexias de produción:</p> <p>-Planificación: Selección e organización das informacións a transmitir e a solicitar; utilización dos diferentes rexistros da lingua segundo os interlocutores.</p> <p>-Execución: Realización dun texto escrito coherente segundo as informacións seleccionadas previamente; resolución das dificultades lingüísticas por medio de procedementos paralingüísticos ou paratextuais.</p>	Maio / xuño		En colaboración
		B 5.1 B 5.2 B 5.3 B 5.4 B 5.5 B 5.6 B 5.7	<p>atróns sonoros, acentuais, rítmicos e de acentuación: as vogais nasais; diferenza entre os sons [j] e [ʒ].</p> <p>Patróns gráficos e convencións ortográficas: utilización axeitada da ortografía.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Portugal visto polos estranxeiros/as; costumes nos países lusófonos.</p> <p>Plurilingüismo: Mostrar respecto e interese polas diferentes linguas, costumes e persoas cunha lingua diferente á nosa.</p> <p>Funcións comunicativas: Comprender e describir un itinerario; describir unha rexión (paisaxe, clima...); describir unha xornada; falar do clima.</p> <p>Léxico oral e escrito: o movemento, as paisaxes, os animais; os costumes e o clima.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas: preposicións e adverbios de lugar; a expresión da causa e da consecuencia.</p>	Maio / xuño		X

## Temporalización

## 1 AVALIACIÓN

Comunicación (comprensión oral e escrita ; expresión oral e escrita)

### UDI 0. Lembramos

Repaso dos principais contidos do curso pasado

Contidos non cursados no ano anterior

Presentacións, presente dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes,

Preguntas básicas arredor dos colegas.

### UDI 1. Dentro e fóra da casa

Descrición de persoas e de casas. Hábitos no presente e no pasado

Marcar consultas no médico e dentista. Revisión do vocabulario do corpo.

Expresións relacionadas.

Áreas lexicais	Áreas gramaticais e estruturais	Contidos comunicativos
Partes do corpo	Pronomes posesivos	Describir persoas
Pezas do vestiario. Talles	Adverbios de lugar	Describir a casa, o cuarto
Características das persoas	Verbos: presente dos verbos irregulares máis comúns	Uso de fraseoloxía relacionada co corpo
Hixiene e saúde. Doenzas	Numerais cardinais e ordinais	Pedir permiso e pedir desculpas
A casa: mobiliario		Marcar a consulta
A casa: interior e exterior		Hábitos frecuentes
		Dar instrucións e consellos
		Describir síntomas

### UDI 2. Dentro e fóra da escola

Violencia doméstica. Elaboración de vídeo “Contra a violencia no namoro”

A escola: relacións, funcionamento. Tarxetas postais e felicitacións de Nadal.

Áreas lexicais	Áreas gramaticais e estruturais	Contidos comunicativos
Léxico da aula	Adverbio de tempo	Facer comparacións
Tarefas domésticas	O pasado	Formular peticións
Violencia	Numerais multiplicativos	Dar opinión
Amor e namoro	Vernos rematados en air	Preguntar e responder sobre rutinas diarias
O Natal		Expresar preferencia
		Responder negativa ou dubitativamente
		Expresar dúbida
		Felicitar as festas

### Contidos sintáctico-discursivos

Expresión de relacións lóxicas: adición, disxunción, oposición, causa, finalidade.

Relacións temporais.

Afirmación e negación Interrogación (directas totais; directas QU-)

Exclamación, sentenzas e sintagmas exclamativos

Expresión de tempo (Presente dos verbos regulares e algúns irregulares, imperfeito)

Expresións de tempo: preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p.ex., são quinze para as três; em 1999), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde) de tempo; duración (p. ex., de/desde...a; durante)

Expresión de modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder+ inf.; ser possível/permitido+ inf.)

Expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; determinantes).

Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, pior)

Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. todo, maioria, ambos, nenhum...) ou relativa (p. ex. muito; tão; um pouco).

Ortografía g, j, ch /x Pronuncia: b/v; ch, j, fricativas xordas e sonoras

## 2º AVALIACIÓN

Comunicación (comprensión oral e escrita ; expresión oral e escrita)

### UDI 3- Festas aquí e acolá

Alimentación equilibrada e saudable (gráficos e artigos de prensa)

Tempo meteorolóxico.

Comprender menús nos restaurantes, saber pedir

Hábitos sociais perxudiciais para a saúde

Información sobre o estado do tempo

Convites

Áreas lexicais	Áreas gramaticais e estruturais	Contidos comunicativos
Refeições. Alimentos e bebidas. Temperos	Pretérito perfeito simples (verbos irregulares)	Expresar preferencia
Gastronomía de Portugal e lusofonía	Haver + expresións de tempo	Pedir e dar opinións
Produtos alimentares: pesos e medidas	Haver de + infinitivo	Pedir para mostrar
Louza, aparellos domésticos, utensilios	Palabras derivadas por prefixación	Pedir no restaurante
Louza	Imperfeito con función de condicional	Solicitar e dar información sobre o tempo metereolóxico. Falar do clima
Meteoroloxía	Pronomes de CD e CI	Convidar, aceptar e rexeitar
Festivos nacionais		Expresar prohibición
Cualificativos para a alimentación		

### UDI 4. Viaxamos e cantamos



Escribir notas e cartas informais breves

Viaxar en medios de transporte

Elaboración de bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital

Roteiros turísticos a partir da Revista Evasões

Celebracións: Entroido e Páscoa

Areas lexicais	Areas gramaticais e estruturas	Contidos comunicativos
Medios de transporte	Pronome átono	Pedir e dar información sobre o horario
Teléfonos e correos	Interrogativas directas	Comprar billetes
Produtos típicos	Interrogativas indirectas	Entender avisos en estacións
Lugares típicos	Futuro	Expresar puntualidade, habitualidade...
Previsións para o futuro		Expresar probabilidade, posibilidade, obrigatoriedade
Superticións		Escribir cartas informais

### Funcionamento da lingua

Expresión de relacións lóxicas: comparación, superlativo

Expresión de tempo: Presente indicativo de verbos irregulares (ter, poder, facer), Pasado (Pretérito perfeito simples e composto, imperfeito).

Expresión de tempo: duración (p. ex., de/desde...a; durante); anterioridade (ainda; ontem); posterioridade (depois, logo, próxima segunda-feira); secuencia (primeiro, depois, finalmente); simultaneidade (ao mesmo tempo); frecuencia (p. ex., geralmente; usualmente).

Interrogativas directas (com “é que”) e interrogativas tags (“queres...?, não queres?”).

Tempo passado e futuro.

Expresión da existencia: pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos), a calidade (-íssimo, -ílmo; muito raro; melhor).

Expresión de modalidade: permiso (poder+ inf.; ser possível/permitido+ inf.);

Pronuncia: ditongo [eim], sibilantes, b/v; ch, j, fricativas xordas e sonoras

### 3º TRIMESTRE

#### Competencia comunicativa

#### UDI 5. Que caro!

Comprar, trocar, devolver e reclamar en establecementos comerciais

Formas de pagamento

Expresar opinións sobre lugares e cidades de Portugal e a lusofonía

Actividades no tempo libre: cinema, teatro, música, deporte...  
(Revista Evasões)

Areas lexicais	Areas gramaticais e estrutura	Contidos comunicativos
Díñeiro	Imperativo	Ofrecer algunha cousa
Tendas	Exclamacións	Aceptar e rexeitar ofertas
Tempo libre, cinema, televisión, teatro música	Relativos	Manifestar agradecemento
Cidades, espazos, desprazamentos	Preposicións, locucións	Preguntar e dar indicacións
Tempo libre, deportes, material	Participio pasado	Facer reclamacións
Profesións		Expresar probabilidade

## UDI 6. Personalidades públicas

Contar a historia dun filme

Publicidade

Entrevistas

Programas de televisión

Facer comparacións

Funcionamento da lingua

Expresión de modalidade: intención (pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf., pretérito imperfecto gostar de + Inf.), capacidade (é capaz de + Inf.; saber); posibilidade/probabilidade (poder; dever; ser possível / imposible + Inf.; talvez); obrigaón (imperativo).

Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia; movemento, dirección, orixe e acomodación)

Participio pasado

Ortografía: -s--ss-ç z

Ortografía: acentuación

Fonética: vogais e consoantes mudas

#### 4.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

##### 4.7.1. Deseño da avaliación inicial

avaliación inicial de 2º ESO deseñouse de xeito competencial en colaboración con todo o profesorado das materias lingüísticas do grupo TIL (véxase anexo), colaboración que se estendeu para pasar a proba. Para avaliar a competencia lingüística deseñamos probas específicas. Dado que o alumnado de 2º ESO xa deu portugués o curso pasado (e os repetidores os dous cursos anteriores) deseñouse unha proba para revisar os contidos mínimos referidos a cada bloque.

Desde o primeiro minuto da clase, tanto a profesora titular destes grupos, como por suposto a profesora de apoio que a acompaña unha vez na semana, falamos só en portugués, coas pausas, repeticións, explicacións e, escasas veces, tamén traducións necesarias. A avaliación inicial ademais de darnos datos novos sobre o rendemento e actitude do alumnado neste principio de curso, sérvenos para organizar mellor o alumnado na aula e para buscar novas estratexias no proceso de ensino-aprendizaxe.

##### 4.7.1.1. Proba da avaliación inicial por competencias.

Português segunda lingua. Avaliação inicial. I

Nome: \_\_\_\_\_ -Curso: \_\_\_\_\_

Compreensão oral:

Ouçã o vídeo “Vamos conhecer-nos” e responde as seguintes questões.

Justifique as respostas:

1. Quanto tempo há que a Maria estuda português? Onde é que ela estuda português?
2. A Maria está a trabalhar num hospital de Portugal?
3. A Maria acha que o português é uma língua fácil? Por quê?
4. Que gosta de fazer a Maria no seu tempo livre? E, onde fez férias no ano passado?
5. Qual é a profissão de Hiroshi Tanaka?
6. Há quanto tempo que estuda português? Por que é o português uma difícil para Hiroshi?

### Comprensão e expresión escrita

- Lê o diálogo seguinte entre dúas personagens. Completa o diálogo com as falas apresentadas no abaixo, escribendo-as nos espazos adecuados
- Lê as definicións presentadas e identifica, no quadro seguinte, o móvel da casa correspondente. Há dúas palabras que não devem ser utilizadas.
- Lê o excerto da historia e indicase frases presentadas sobre o texto são verdadeiras (V) ou falsas (F).
- Assinala com uma cruz (X) o título que consideras mais adecuado ao excerto da historia que acabaste de ler.

Lê o texto seguinte. Preenche os espazos em branco, escolhendo da lista o verbo adecuado. Há três verbos que não devem ser utilizados.

Lê com atención a tarefa escrita. O teu texto deve ter entre 25 e 35 palabras. Tarefa 1: Estás de férias em Portugal e recibeste uma mensagem de correio electrónico da tua melhor amiga. Escreve uma resposta, tendo em atención o conteúdo da sua mensagem e as perguntas que ela te coloca

#### 4.7.2. Criterios na avaliación continua

##### Criterios de avaliación para 2º ESO

B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.

B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.

B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

## **Bloque 2. Produción de textos orais**

B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.

B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.

B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.

B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.

B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.

B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.

B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os

patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

### **Concreción de mínimos esixibles**

#### **2º ESO. CONCRECIÓN DE MÍNIMOS**

##### **1. Comprensión de textos orais (20% da nota total)**

- Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos.
- Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.), e segue instrucións e consignas de aula.
- Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet
- Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares.
- Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala.

##### **2. Produción de textos orais (30% da nota total de cada avaliación))**

- Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas.
- Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.
- Fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre.

- Desenvólvese en situacións moi habituais, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns.
- Participa en conversas informais breves e moi básicas: intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.
- Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles.
- Utiliza as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

### **3. Comprensión de textos escritos (20% da nota total)**

- Comprende: o textos adaptados relativos a temas do seu interese.
  - avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas de estrutura moi sinxela, se contan con apoio visual.
  - información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve.
- Localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos, próximos á súa idade e á súa experiencia.

### **4. Produción de textos escritos (25% da nota total)**

- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.
- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica.
- Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.
- Escribe correspondencia breve e sinxela, a partir dun modelo (tanto de forma manuscrita como en formato dixital).



## **5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural (5% do total de cada avaliación)**

- Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e bastantes trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. (Avaliado nos bloques 1,2,3 e 4)
- Utiliza –con axuda do profesorado- as convencións orais e escritas básicas (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. (Avaliado nos bloques 2 e 4)
- Nas actividades de aula, fai hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.
- Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Comprende o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula.

### 4.7.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado será cualificado en base aos criterios de avaliación que dita a lexislación e que se concretarán en diferentes instrumentos de cualificación deseñados para cada bloque de contidos e que se especifican abaixo, pero que se resumen en, por un lado Probas escritas e orais (nas que o alumnado vai ter que demostrar as súas destrezas a nivel de expresión e comprensión, así como o coñecemento plurilingüe que posúa) e, por outro lado, o Traballo diario na aula no que se avaliarán tamén destrezas sobre todo de expresión e comprensión, pero ademais, aqueles estándares menos lingüísticos.

Tanto un instrumento coma o outro vanse concretar para cada bloque de contidos, estes van ter un peso porcentual ponderado, existindo unha diferenza grande no último deles debido a que os seus contidos avalíanse maioritariamente dentro dos outros bloques, especialmente dos de Producción de textos orais e de Producción de textos escritos. A ponderación queda do seguinte xeito:

- Comprensión de textos orais: 20%
- Producción de textos orais: 30%
- Comprensión de textos escritos: 20%
- Producción de textos escritos: 25%
- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 5%

Déuselle un peso maior á produción de textos orais debido a que vai ser a proba fundamental para avaliar esta parte, xa que, por un lado, no exame vai ocupar unha parte menor ca o resto e, pola outra, é aquela destreza que é máis difícil de acadar para o alumnado galego que tende a fosilizarse no avance da lingua ao non esforzarse na pronuncia e no sotaque portugués. No tocante ao bloque 5 denominado: “Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe” queda reducido á 2ª parte, xa que todo o que ten que ver con coñecemento da lingua (fonética, respecto polas convencións orais e escritas, contidos sintáctico-discursivos, vaise avaliar dentro dos outros bloques, principalmente na produción de textos orais e na produción de textos escritos.

### **1- Comprensión de textos orais (20%)**

Avaliada por trimestre con:

- a) Probas escritas a partir de actividades de escoita na aula: poderán ser en formato audiovisual (pequenos documentais, cancións, gravacións de receitas,...) ou simplemente audios de calquera tipo de texto que responda aos contidos e estándares establecidos (diálogos, cancións, lendas, contos populares, etc...) . Terán un valor do 70% da nota deste bloque.

Estas vanse avaliar mediante rúbricas, tendo en conta sobre todo:

- i. Mantén a atención
  - ii. Capta o sentido global
  - iii. Deduce vocabulario e expresións novas
  - iv. Entende léxico e expresións xa dadas.
- b) Observación directa na aula (30% restante), onde se medirán concretamente os estándares recollidos como:

- “Atende instrucións, comunicados, conversas breves” - “Segue instrucións e consignas na aula”

## 2 Comprensión de textos escritos. Vaise avaliar cos seguintes instrumentos:

- Proba escrita a partir dun texto escrito (80%) (pode ser unha lectura de calquera ámbito e temática, pero adecuada á idade e -de ser posible- a algúns intereses).
- Observación directa na aula (20% restante), onde se medirán concretamente os estándares recollidos como: Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas (B.3.2)
- Aproveita os coñecementos doutras linguas para formular hipóteses de significado e explicar o proceso de produción de textos (B.5.3).

### 3 Producción de textos orais (30%)

1 Avaliada por trimestres cos seguintes instrumentos:

- Unha exposición oral que se avalía mediante rúbricas entregadas previamente ao alumnado para dar conta dos indicadores que se sinalan abaixo (Vai supor o 80% da nota desta competencia). Avalíanse, ademais dos estándares específicos, os estándares correspondentes aos contidos sintáctico-discursivos.
- Observación directa para avaliar os tres estándares que se refiren no cadro inferior “Esfórzase en falar portugués nas intervencións non académicas” , “Utiliza as formas de cortesía máis sinxelas e habituais” e mais “Emprego de convencións orais (saúdos, tratamento...)” que se recolle nun rexistro no caderno de aula. (Esta cualificación suporá o 20% da nota da produción de textos orais)

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS (30%)				
INSTRUMENTOS	NOTA PONDERADA	INDICADORES	DESCRITORES	NOTA
Exposicións orais	80%	Domina o léxico estudado	Todo	10-9
			Entre 90 e 70%	8-7
			Entre 70% e 50%	6-5
			Entre 50 e 30 %	4-3
			Menos de 30%	2-1
		Fonética sibilantes explicadas	Pronúnciaas ben	10-9
			Case sempre lle saen ben	8-7
			Problemas con algunhas	6-5
			Se se esforza ou repite pronuncia algunha	4-3
			Non pronuncia ningunha	2-1
		Fonética b/v	Pronuncia sempre ben	10-9

			Ás veces non pronuncia v	8-7
			Só a metade das veces diferencia	6-5
			Só a metade das veces pronuncia v. Chega a pronunciar v por b	4-3
		Pronuncia e-i	Nunca	2-1
			Pronuncia sempre e/i	10-9
			Case sempre pronuncia	8-7
			Só a metade das veces	6-5
			Poucas veces o pronuncia	4-3
		Fonética -em	Nunca pronuncia i	2-1
			Pronuncia ben o ditongo sempre	10-9
			Pronuncia ben o ditongo case sempre	8-7
			Pronuncia ben o ditongo a metade das veces	6-5
			Poucas veces pronuncia ben o ditongo	4-3
		Sotaque	Nunca	2-1
			Perfecto	10-9
			Aceptable	8-7
			Tenta aproximar o sotaque	6-5
			Soa a galego e introduce palabras de portugués	4-3
		Autocorrixe	Galego	2-1
			Ao momento	10-9
			Dubida e pregunta	8-7
			Despois de dar o aviso	6-5
			Só se se lle dá o aviso	4-3
		Preparación	Segue no erro	2-1
			Sábeo	10-9
			Apóia-se no papel mais expón a maioría	8-7
			Combina lectura e exposición	6-5
			Le case todo	4-3
		Utilización adecuada das estruturas sintácticas discursivas	Le todo	2-1
			Excelente	10-9
Bo	8-7			
Satisfactorio	6-5			
Escaso	4-3			
Observación directa	20%	Esfórzase en falar portugués nas intervencións académicas (B2.1)	Deficiente	2-1
			Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
		Utiliza as formas de cortesía máis sinxelas e habituais (saúdos, despedidas, agradecementos...)	Case nunca	2-1
			Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
		Emprego de convencións orais (saúdos, tratamento...) B5.2	Case nunca	2-1
			Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3

#### 4- Producción de textos escritos (25%)

Avaliada por trimestre con:

a) Textos escritos que deben facer os alumnos e alumnas durante as

aulas en cada trimestre respondendo aos diferentes documentos que deben aprender a realizar segundo a programación. (O peso ponderado desta actividade no conxunto deste bloque é do 90 %)

b) Observación directa (10%)

PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (25%)				
INSTRUMENTOS	NOTA PONDERADA	INDICADORES	DESCRITORES	NOTA
Actividades na aula (avaliadas con rúbricas)	90%	Limpeza e orde	Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
			Case nunca	2-1
		Aplica os contidos sintácticos discursivos	Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
			Case nunca	2-1
		Corrección	Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
Case nunca	2-1			
Observación directa	10%	Esfórzase en usar o portugués en necesidades inmediatas da aula: correos á profesora, apuntamentos, avisos (adaptado B4.3)	Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
			Case nunca	2-1
		Emprego de convencións escritas (tratamento...) B5.2	Sempre	10-9
			Case sempre	8-7
			Habitualmente	6-5
			Ás veces	4-3
			Case nunca	2-1

### 5. Consciencia intercultural e plurilingüe (5%)

Este bloque de contidos deixámolo reducido, á hora de avaliar de xeito independente, só á parte de “Consciencia intercultural e plurilingüe”, xa que o correspondente ao “Coñecemento da lingua” incorporouse aos outros bloques de contido, fundamentalmente aos de produción propia; posto que a fonética, os contidos sintáctico discursivos, as fórmulas de tratamento... van ser avaliadas ao mesmo tempo que o alumno produce os textos orais e escritos.

- a) Observación directa recollida no rexistro no caderno de aula para dar conta de catro estándares (25%)
- b) Produción de materiais colectivos (folletos, presentacións en power-point...) resultado da participación en proxectos (75%).

### **Instrumentos de avaliación. Resumo.**

#### **Probas escritas**

Para a avaliación da comprensión escrita empregarase unha proba escrita baseada na comprensión de textos que poderán ser literarios (normalmente será un conto ou relato) ou extraídos dos medios de comunicación (noticias, entrevistas...)

Para a avaliación de expresión escrita farase un teste no que se obrigue a redactar textos simples, desde unha felicitación de Nadal no primeiro trimestre a unha carta no terceiro. Serán en papel ou en formato dixital a través da na Aula Virtual ou do correo da aula.

Para a avaliación de comprensión oral vanse empregar tamén un par de probas escritas por avaliación a partir dunha canción no que teñen que encher palabras ou frases que escoiten. Tamén en audicións de diálogos de interaccións sobre diferentes temas que se traballan na aula. Serán en papel e a través de test na Aula Virtual

Para a avaliación de coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe servirannos as probas escritas (en papel ou na AV) con exercicios referidos a aqueles contidos sintácticos-discursivos e tamén traballos sobre diferentes aspectos culturais.

#### **-Rúbricas e Observación directa**

Para avaliar cada bloque de contidos tamén se van empregar rúbricas e observación directa. Nos seguintes cadros vense os indicadores e descritores de cada un deles adaptados segundo o acordado nas reunión TIL.

A nota de cada avaliación será, polo tanto, o resultado de sumar as notas parciais ponderadas de cada un dos bloques.

A esta nota pódenselle sumar notas extra que derivarán da lectura voluntaria dalgún dos libros voluntarios que a profesora lle entregue ao alumnado. Tamén poden facer algunha tarefa derivada da lectura o que poderá

incrementar a puntuación. O máximo que se pode acadar coas tarefas voluntarias son 2 puntos.

Cómpre ter en conta que ao estarmos dentro dunha programación TIL é preciso que o alumnado respecte as directrices que se indican para todas as materias de lingua. Desta forma, se un alumno ou alumna, de xeito reiterado, non trae a carpeta de linguas ou non a ten debidamente organizada, non ten nela todo o material entregado, nin as súas tarefas organizadas irase anotando nas observacións do caderno da profesora e poderá descontarse na nota da avaliación ata un máximo de 2 puntos.

### **Avaliacións final e ordinaria**

Consideramos que na ESO todo o rexe o principio de avaliación continua e o desenvolvemento das competencias clave, máis alá da aprendizaxe e avaliación de contidos conceptuais. Xa que logo, desde o respecto ao proceso de avaliación continua, non podemos diferenciar as avaliacións con porcentaxes distintas para cada unha, posto que acadar os obxectivos na 3ª avaliación, implica acadar os obxectivos do curso.

Así pois, desde a avaliación inicial ata a avaliación final, debemos valorar o percorrido académico do alumnado, atendendo á súa diversidade; polo que debemos realizar unha avaliación individualizada que permita observar en que aspectos o alumno/a precisa mellorar para acadar os obxectivos do curso; en consecuencia, no final de curso, adaptaremos os instrumentos de avaliación ás necesidades do alumno/a, servíndonos daqueles nos que o alumno/a previamente non obtivera un resultado satisfactorio.

Contéplase a realización dunha proba final ordinaria en xuño a aquel alumnado que por causas xustificadas (enfermidades...) non puidese seguir o normal desenvolvemento das aulas durante o curso. Para iso deseñárase unha proba escrita específica na que se realicen exercicios nos que o/a discente dea conta das destrezas de comprensión e expresión escrita, así como dalgúns contidos socioculturais relacionados coas unidades que van estar colgadas na Aula Virtual. Tamén terá que enfrontarse a unha audición e responder a unhas preguntas sobre comprensión oral. Por último deberá realizar unha exposición oral describindo unha imaxe, facendo unha presentación ou calquera outra actividade que entrase dentro da programación. Polo tanto, haberá 4 partes avaliáveis (comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción

escrita). Cada unha das partes estará valorada nun 25%, polo que a nota desta avaliación será a media das notas das catro partes.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá demostrar que acadou todos os estándares que entran nos contidos mínimos.

A avaliación ordinaria de xuño para quen non a acadase contará co mesmo tipo de proba ca a da avaliación final que vimos de describir, onde o alumnado terá que demostrar que conseguiu superar todos os estándares que entran nos contidos mínimos. Igualmente cada unha das partes terá un valor do 25% e a media de todas elas dará a nota final.

#### 4.8. Programa de reforzo para recuperación de materias pendentes

No curso 2022-2023 o alumnado ten superada a materia de cursos anteriores, de aí que non cumpra elaborar un programa específico para o alumnado con esta materia pendente.

Porén, de se incorporar ao longo do curso algún alumno ou alumna que non superase esta materia en cursos anteriores, perfilarase un programa de reforzo que inclúa fichas con actividades de comprensión e expresión escrita e indicacións para que se realicen audicións a través da Aula virtual. Se houber algún alumno/a que non tivese acceso doado a internet, facilitaranse as gravacións en formato dixital (DVD ou lapis de memoria que deberá achegar o/a alumno/a)

Aplicaranse os obxectivos e contidos mínimos que se especificaron para o curso correspondente, así como os criterios de avaliación. Os instrumentos de avaliación coinciden cos declarados para a avaliación extraordinaria.

As probas extraordinarias de pendentes serán nas datas establecidas polo centro.

#### 4.9 Concreción de elementos transversais

A formación integral do alumnado realizarase mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais que respondan a unha educación en valores como a igualdade, a tolerancia, o respecto, a solidariedade...

Todos estes temas vanse tratar nas diferentes lecturas que se van realizar durante o curso, especialmente escollidas tanto dos medios de comunicación escritos como audiovisuais, e que traten temas da actualidade e de interese para o alumnado.



- Fomentaremos o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa e, sobre todo, por respectalas e valoralas.
- Achegarémonos ás desigualdades socioeconómicas a través de artigos de prensa e textos literarios que reflicten a situación en Portugal, que se contrastará con Galicia, pero tamén en Brasil e Angola.
- Traballaremos co rol da muller nas sociedades africanas, brasileiras, asiáticas (a través das provincias lusófonas de Goa e Macau) contrastando co rol que xoga en Europa.
- Fomentaremos o respecto ao medioambiente a través de vídeos que conciencien sobre a deforestación do Amazonas ou a contaminación en determinadas cidades lusófonas.
- Analizaremos as causas dos conflitos no mundo, sobre todo nos países da lusofonía, incidindo naqueles en que viviron máis recentemente guerras.

#### 4.10. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias vanse realizar dentro do Programa de potenciación da Lingua portuguesa en colaboración co/a profesor/a do instituo Camões e serven para achegar o alumnado de 2LE Portugués ao mundo lusófono. Celebramos especialmente efemérides que tamén se celebran en Portugal.

- 5 de outubro: Día da República
- 1 de Novembro
- Natal
- Pascua
- 25 de abril: Revolução dos cravos
- 6 de maio: Día da lingua portuguesa
- 10 de xuño: Día de Camoes Portugal e das Comunidades

Lusófonas Tamén conmemoramos en todos os cursos, adaptado ao nivel o 25 de novembro: Día da violência doméstica. A partir de curtas da APAV (Associação de apoio ás vítimas) traballamos na aula a concienciación arredor desta lacra que é semellante aos dous lados da raia.

As actividades extraescolares programadas para este curso van ser:

- Saída(s) a Portugal de un ou varios días, dependendo da cidade de destino e das posibilidades de alumnado e profesorado e sempre que as condicións da pandemia de covid-19 o deixaren. Os obxectivos van ser coñecer de primeira man a vida nunha cidade lusófona a través do contacto directo coas súas xentes, feito que lle vai obrigar ao alumnado a interactuar e poñer en práctica o aprendido. Tamén aproveitaremos para coñecer a súa historia e cultura a través dunha visita cultura que tentaremos organizar con guías locais.
- Participación na Convivio que organiza o IES Pazo da Mercé en Melgaço con varios centros en que se imparte Segunda lingua estranxeira: portugués e mais o centro de ensino da vila portuguesa.

#### 4.11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a Avaliación do Labor Docente realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual

##### 4.11.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

Dimensións	Indicadores	1	2	3	4	5
	1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	Amosa predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.					
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.					
	5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.					
	6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
	7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.					
	8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).					
	9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.					

Dimensións	Indicadores	1	2	3	4	5
	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)					
	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.					
	3. Amona predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.					
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento das Unidades didácticas.					
	5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.					
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.					
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.					
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.					
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.					
	10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)					

Dimensións	Indicadores	1	2	3	4	5
	1. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.					
	2. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.					
	3. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.					
	4. Corrix e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.					
	5. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.					
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.					
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.					
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.					
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con					
	10. Informa dos resultados aos estudantes e ás súas familias					

Dimensións	Indicadores	1	2	3	4	5
	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.					
	2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).					
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
	4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.					
	5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.					
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.					
	7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.					

#### 4.12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

##### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades. No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

Dimensións	Indicadores	1	2	3	4	5
	1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elemento do currículo.					
	2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.					
	3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
	4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
	5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
	7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
	8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
	9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
	10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL)					
	11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
	12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
	13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final					
	14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.					
	15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
	16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
	17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.					
	18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
	19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
	20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
	21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					

#### 4.13. Profesorado de portugués. Curso 22-23

Segunda lingua estranxeira: Portugués 1 ESO: Paz

Segunda lingua estranxeira: Portugués 2 ESO: María Arca Oliveira

Segunda lingua estranxeira: Portugués 3 ESO: María Arca Oliveira

Segunda lingua estranxeira: Portugués 4 ESO: María Arca Oliveira

Segunda lingua estranxeira: Portugués 1 BAC: María Arca Oliveira

Segunda lingua estranxeira: Portugués 2 BAC: Amparo Cereixo

#### 4.14. Adaptación ao contexto da Covid-19

##### 4.14.1. Adaptacións de se producir a non presencialidade

De producirse a suspensión da actividade lectiva, continuarase co desenvolvemento da programación a través da aula virtual. Así, as adaptacións a levar a cabo de producirse a non presencialidade terán sempre como elemento central para o seguimento da materia, para comunicacións co alumnado e para entregas (de traballos e actividades) a aula virtual. Porén, a este respecto, cómpre analizar varias posibles situacións, en función das cales se actuará dun ou doutro xeito:

- non presencialidade dun alumno/a ou grupo de alumnos e alumnas por estaren, ben infectados, ben en corentena preventiva.
- non presencialidade por peche dun nivel ou do centro.
- ausencia da profesora por corentena preventiva ou á espera de resultados.

No primeiro dos casos, enviaranse instrucións do traballado na aula a ese alumno/a ou grupo de alumnado a través da aula virtual, dende a que se concretará un plan de traballo e entregas de actividades por parte do alumnado. Previamente, realizarase unha sondaxe ás familias para saber o estado de saúde da persoa en cuestión, e saber se está en condicións de facer ou non un seguimento da materia.

De producirse a suspensión das clases presenciais nun nivel completo ou de toda a etapa, elaboraranse presentacións e vídeos explicativos que se subirán á aula virtual de xeito que se permita o traballo coa carga lectiva máis semellante posible á da aula presencial (3 horas semanais). Ademais, presentarase unha planificación do traballo a desenvolver semanalmente durante ese período e habilitaranse foros de dúbidas e axuda mutua específicos. Se a calidade da conexión e os dispositivos do alumnado o permiten, tratarase de que, cando menos unha vez á semana, se realicen vídeo conferencias co conxunto do grupo a través da plataforma Cisco Webex para poder aclarar dúbidas, guiar o traballo e presentar aspectos específicos da materia de xeito directo. De ser posible, realizaranse dentro da xornada lectiva atendendo ao horario da materia.

Se o profesor estiver en corentena á espera de resultados, subiranse materiais que permitan o traballo do alumnado na aula virtual durante as sesións ordinarias, sempre que o profesorado de garda o considere oportuno.

Sempre e cando non se ditén instrucións en sentido contrario, o traballo realizado durante a non presencialidade será avaliable atendendo aos criterios de cualificación expostos nesta programación para a aula ordinaria e buscará, en todos os casos, evitar desfases e facilitar a eventual volta ás aulas. Xa que logo, procurarase resumir os contidos e achegar uns trazos básicos e xerais, xa que a distancia non permite o grado de afondamento curricular da aula ordinaria, á vez que complica os aspectos sociais, colaborativos e relacionais. Tampouco axuda a coñecer situacións persoais ou casuísticas particulares do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino- aprendizaxe. Xa que logo, o que se

buscará ser a conseguir unha mellor e máis rápida adaptación na volta á presencialidade tentando minimizar o desfase no traballo.

No caso de existir probas programadas no momento de producirse a non presencialidade (ben sexa nalgún dos cursos como a da avaliación de pendentos) esta poderá ser substituída por un cuestionario a través da aula virtual ou por unha proba oral individual a través de vídeo conferencia.

Só cando se detecten problemas sistemáticos de conexión ou carencia de equipamentos no alumnado, buscaranse outro tipo de vías de comunicación e seguimento extraordinarias, por o WhatsApp, ao que se atenderá en horario lectivo.

# ANEXO TIL

## Programación Didáctica 3º e 4º ESO

# 1. O TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

## 1.1. Cambios metodolóxicos

- ❖ *Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado.*
- ❖ *Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartir o currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán:*
  - *acordos sobre **critérios metodolóxicos** básicos de actuación en todas as linguas,*
  - *acordos sobre a **terminoloxía** que se vaia empregar,*
  - *acordos sobre o tratamento que se lles dará aos **contidos**,*
  - *acordos sobre os **critérios de avaliación** e aos **estándares de aprendizaxe** similares en cada materia lingüística,*
  - *acordos **para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.***
- ❖ *Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos/as, polo que os docentes deberán ser quen de xerar neles **curiosidade** e a necesidade de adquirir coñecementos, habilidades e valores. Recoméndase:*
  - ***A aprendizaxe por proxectos** (proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un resultado práctico). Esta metodoloxía favorece a investigación, a reflexión e a crítica.*
  - ***O uso do portfolio** (carpeta de aula virtual ou material, que aporta información sobre o alumnado e permite mostrar os resultados da súa aprendizaxe, reforzando o proceso de avaliación continua.*



- ❖ *O profesorado debe procurar:*
  - **que o alumnado comprenda o que aprende**
  - **que o alumnado saiba para que aprende**
  - **que o alumnado sexa capaz de usar / aplicar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.**

### 1.2. Cambios nos recursos didácticos:

- ❖ O papel do docente como xerador dos seus propios recursos xunto ao enfoque interdisciplinar e integrador que a lei demanda impide o uso tradicional do libro de texto como referente máximo no proceso de ensino – aprendizaxe, polo que este converterase nun **Libro de Apoio** para o alumnado, pero será só un recurso máis, nunca o único.
- ❖ A innovación metodolóxica ao servizo do desenvolvemento das competencias clave trae consigo novos recursos que a propia lei sinala como necesarios: ***Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.***

## 2. ACORDOS ACADADOS NO IES FÉLIX MURIEL

### 2.1. Acordos metodolóxicos

Pretendemos reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado. Neste sentido guíannos sobre todo tres consideracións fundamentais:

- Desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e, desde ela, á cultura universal.
- O alumno/a ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo

do hábito da explicación teórica e intentar que a figura do profesor/a sexa a de dinamizador das actividades que propomos.

- O alumno/a debe romper coa dinámica da aprendizaxe inductiva, entrando noutra máis orixinal, reflexiva e lúdica, a aprendizaxe interactiva, que lle permita alcanzar a madureza lingüística propia da súa etapa.

Seguiremos as liñas metodolóxicas enumeradas no [Decreto 133/2007](#), que son as seguintes:

- ✓ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.
- ✓ Operar non só sobre o concreto, senón tamén sobre conceptos, ideas.
- ✓ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ✓ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ✓ Fomentar a confrontación clara e respectuosa.
- ✓ Insistir na ordenación, comparación e xerarquización das ideas.
- ✓ Elaborar percorridos ordenados desde a formulación da hipótese até os resultados.
- ✓ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ✓ Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado.
- ✓ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

## MATERIAIS

O alumnado deberá asistir a clase cos seguintes recursos materiais sempre á súa disposición:

- **Carpeta de linguas** (unha carpeta para todas as materias lingüísticas: LGL, LCL, LE (inglés, francés ou portugués) e LC (latín e/ou grego))
- **Caderno TIL de Comunicación**
- **Folios en branco** (entregaráselles un folio “patrón”)
- **Bolígrafo** (un azul ou negro e un vermello)
- **Correo electrónico** (con autorización da nai, pai ou persoa titora)

## 2. 2. Acordos terminolóxicos

## En Morfoloxía

1. Empregaremos a denominación "clases de palabras" en 1º, 2º e 3º ESO, podendo introducir "categorías gramaticais" en 4º e Bacharelato.

2. As clases de palabras:

I. Substantivo

II. Adxectivo ( a secas, sen engadir "cualificativo"),

III. Verbo.

1. Os tempos verbais :

1. simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto , futuro, condicional

2. compostos: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto, pretérito anterior.

3. non persoais: infinitivo, xerundio e participio.

4. voces: activa, pasiva (voz media só en bacharelato)

- Adverbio ( adverbio relativo empregarase a partir de 4º

ESO)

- Preposición

- Conxunción

- Interxección

- Pronome: O que está en lugar do nome. Tipos: Persoal

- Demostrativo

- Posesivo

- Numeral (cardinal, ordinal)

- Indefinidos

- Interrogativos

- Exclamativos

- Relativos

3. A segmentación en morfemas:

➤ Morfema: Parte máis pequena da palabra con significado. Ten significado léxico ou gramatical

➤ Clasificación: Prefixo + raíz + interfixo+ sufixo (derivativo, alterativo e

flexivo).

### En Sintaxe (LGL e LCL)

- I. En 1º-2º-3º ESO utilizaremos a terminoloxía propia da Gramática Funcional. Pero no resto dos cursos manteremos a terminoloxía da Gramática Tradicional até que o TIL se vaia incorporando en cada curso progresivamente (en 2016-17 incorporouse en 1ºESO, en 2017-18 incorporouse en 2ºESO, en 2018-19 incorporouse en 3ºESO, en 2019-20 incorporárase en 4ºESO, en 2020-21 incorporárase en Bacharelato)
- II. Eliminamos dos mínimos os Estándares Avaliables referidos á Análise Sintáctica. (1º e 2º ESO)
- III. O punto de partida en 1º ESO xirará arredor dos problemas de concordancia e das oracións inacabadas, sempre procurando o respecto polas propiedades textuais e buscando a reflexión metalingüística a partir do uso lingüístico.
- IV. En 1º e 2º ESO empregamos frase (se non ten verbo) e oración (se ten verbo).

## 2.3. Acordos sobre os Contidos

Nas linguas, en toda a etapa da ESO, centrarémonos nos cinco ámbitos propostos por [Oriol Guash](#):

1. O desenvolvemento de habilidades de comprensión e expresión, oral e escrita
2. O coñecemento das situacións discursivas e os xéneros de texto
3. A interdependencia entre o uso lingüístico e a reflexión metalingüística
4. O coñecemento da diversidade lingüística
5. As actitudes lingüísticas [deben ser positivas deica a variedade]

Ademais, en 3ºESO e en 4ºESO abordaremos as etapas que correspondan da Literatura (LGL e LCL), se ben ese labor realizárase a través do traballo con textos literarios.

## 2.4. Acordos sobre os Instrumentos de Avaliación

Servirémonos de diversos procedementos e instrumentos de avaliación, elaborados polo grupo TIL:

Observación directa do labor do alumnado	Libreta ou Diario de Aula
Producións escritas do alumnado	Rúbricas e/ou Criterios de Corrección
Producións orais do alumnado	Rúbricas
Probas escritas	Rúbricas e/ou Criterios de Corrección
Probas de comprensión e/ou expresión oral	Rúbricas e/ou Criterios de Corrección
Proxectos de Investigación	Rúbricas

Procuraremos **avaliar por competencias**, pois calquera actividade, tarefa ou traballo proposto baixo o enfoque comunicativo implica:

- Aprender a aprender, pois é preciso que o alumnado siga as indicacións dadas para a realización da tarefa e avalíe o labor realizado ao longo da mesma. **(CAA)**
- escoita activa para asegurar a comprensión e a produción textual solicitada, ben oralmente ben por escrito. **(CCL)**
- Socialización, respecto pol@ compañeir@ e colaboración para que o grupo de traballo obteña un bo resultado que redunde nunha boa nota para cada individuo do grupo. **(CSC)**
- Respecto por todas as linguas que se deben utilizar no desenvolvemento da tarefa, o que leva ao respecto polos seus falantes e polas culturas que representan esas linguas. **(CCEC)**

- Autonomía e iniciativa persoal para desenvolver o traballo sen depender constantemente das indicacións da persoa docente e para corrixir os erros ou solucionar problemas que poidan xurdir ao longo do proceso. **(CSIEE)**
- Comprensión de gráficas, mapas e porcentaxes para utilizar certas fontes documentais ou para a autoavaliación (poñer unha nota) o traballo realizado. **(CMCCT)**
- Manexo das novas tecnoloxías para buscar información, para comunicarse c@s compañeir@s, para enviar as tarefas adecuadamente, para presentar o resultado final do seu traballo... **(CD)**

**OBSERVACIÓN:** As **Rúbricas** e as **Avaliacións Iniciais por Competencias para 1º e 2º ESO**, poden descargarse da [Aula Virtual TIL](#). Alí atópanse a disposición do profesorado todos os documentos xerados desde o grupo de traballo e que forman parte deste Caderno, dos Anexos para as Programacións e do **Caderno TIL de Comunicación (alumnado)**.

## 2.5. Acordos sobre as recuperacións

1. Consideramos unha organización dos dous niveis educativos en tres ciclos de dous cursos cada un. Polo que as consideracións para 1º-2ºESO, 3º-4ºESO e 1º-2ºBach serán distintas.

2. Consideramos que na ESO todo o rexe o principio de avaliación continua e o desenvolvemento das competencias clave, máis alá da aprendizaxe e avaliación de contidos conceptuais. Pola contra, en Bacharelato, aínda que estean presentes eses dous aspectos, as probas externas de ABAU condicionan a docencia.

**Para 3º e 4º ESO** consideramos:

a. Que, desde a avaliación inicial ata a avaliación final, debemos valorar o percorrido académico do alumnado, atendendo á súa diversidade; polo que debemos realizar unha avaliación individualizada que permita observar en que aspectos o alumno/a precisa mellorar para

acadar os obxectivos do curso; en consecuencia, no final de curso, adaptaremos os instrumentos de avaliación ás necesidades do alumno/a, servíndonos daqueles nos que o alumno/a previamente non obtivera un resultado satisfactorio.

b. Que, desde o respecto ao proceso de avaliación continua, non podemos diferenciar a avaliación con porcentaxes distintas para cada unha, pois acadar os obxectivos na 3ª avaliación, implica acadar os obxectivos do curso.

c. Que non é pertinente ningunha referencia ao concepto de “recuperación”.

## 2.6. Acordos arredor das lecturas

LECTURAS	NIVEL EDUCATIVO	TIPO DE LECTURA (froita ou gominola)	OBXECTIVOS	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<b>Textos de distintos tipos:</b> expositivos, argumentativos, narrativos, descritivos... cartas, reclamacións...	Todos os niveis educativos	Froita	Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Producción textual</li> <li>• Rúbricas</li> </ul>
<b>Textos xornalísticos</b>	Todos os niveis educativos	Froita	Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita	
<b>Textos literarios:</b> poemas e relatos	Todos os niveis educativos	Froita	Desenvolver os contidos de Comunicación Oral e escrita	

<b>Lecturas obligatorias</b>	<b>Lectura na aula</b>	1º-2ºESO	Froita	Aprender a Ler comprensiva e expresivamente	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proba escrita</li> <li>• Proba oral</li> </ul>
	<b>Lectura fóra da aula</b>	A partir de 3ºESO	Froita	Fomentar a lectura dos clásicos e Crear hábito lector	
<b>Lecturas voluntarias:</b> novelas, libros de poemas, cómics...		Todos os niveis educativos	Gominola ou escollen @s alumn@s	Crear hábito lector	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Charla informal fóra da aula</li> <li>• Convencer a un compañeir@ que lea a obra</li> <li>• Produto artístico</li> </ul>

**OBSERVACIÓNS:**

- Nas materias de LGL , LCL e Inglés a metodoloxía é moi semellante á hora de abordar as lecturas.
- Na materia de Francés non haberá lecturas fóra da aula.
- As **lecturas “froita”** son aquelas que consideramos necesarias abordar na aula como docentes de Literatura, para abrílles as portas dos clásicos ao noso alumnado.
- As **lecturas “gominola”** están ao servizo do fomento de hábitos lectores, con elas pretendemos que o noso alumnado se entreteña e non fuxa dos libros.



